

Festival 25 Manicómicos

16-19
Xullo

www.manicomicos.org

2026

A CORUÑA



PREMIO
CIRCORED
BUENAS PRÁCTICAS
2025

ORGANIZA:

PATROCINA:

COLABORAN:



Concello da Coruña



Deputación
DA CORUÑA

GADIS



Estamos orgullosas de anunciar a celebración da 25 edición do Festival Manicómicos!

Un festival que nacía en 2004 en formato de sala e saltaba ás rúas ao pouco tempo, para ficar como algo xa inherente á cultura e ás festas da cidade da Coruña.

De novo Manicómicos ofrece unha extensa e coidada programación para todos os públicos, como aperitivo perfecto previo ás festas de María Pita, con espectáculos de alto nivel internacional, e cun apoio incondicional ao novo circo galego. Queremos compartir tamén co noso público o premio Circored ás "Boas Prácticas", outorgado ao Festival Manicómicos en 2025 pola Federación de Asociacións Profesionais de Circo de España.

Grazas a todos os nosos seguidores, colaboradores, público... e sobre todo ao Concello da Coruña, que apoia o Festival dende 2004. Sen todos vós isto non sería posible.

Ven celebralo con nós!
Déixate eclipsar!

PROGRAMACIÓN

XOVES 16 Paseo das Pontes

12:30h / Atípico Circo / *Circo en familia*

18h / Circo Psikario / *¡Qué disparate!*

20h / Andrea Ríos Cía. / *Morpha*

22h / Roi Borrallas / *Solo*

VENRES 17 Campo da Leña

12:30h / Cía. Muu / *Crunch 2!*

18h / Abraham Arzate / *El rompe récords*

20h / Koilara Teatro / *La llegada*

22h / Always Drinking Marching Band / *La calle es nuestra*

SÁBADO 18 Pza. Pablo Iglesias

12:30h / Mina Clown / *Deja que salga el sol*

18h / Mundo Costrini / *The Crazy Mozarts*

20h / Paco Panjabi / *Profesor de Yoga*

22h / Cía. Seon / *Infinit*

DOMINGO 19 Sta Margarida

Exterior Casa das Ciencias

12:30h / Cía Soa / *Coa cabeza nas nubes*

Anfiteatro Parque Sta Margarida

19h / Gala 25 Festival

* En caso de chuvia os espectáculos trasladaranse ao Pavillón de Riazor (Rocódromo)



XOVES 16



Xoves 16 / 12:30h / Paseo das Pontes

CIRCO EN FAMILIA

Obradoiro de Circo / Todo público / 90'

Un espazo de xogo de acceso libre para crianzas, mocidade, persoas adultas e familias, con materiais dispoñibles para practicar malabarismo (panos, pelotas, mazas, diábolos, flowerstick, pratos chineses, aros, sombreiros...) e equilibrismo (barril, rola-bola, bola, pranchas de madeira, zancos...). O público accede libremente e o número de participantes é ilimitado.



ATÍPICO CIRCO

Galiza

É un proxecto lúdico-educativo de circo creado por Claudio Casaccia, onde se imparten clases de equilibrismo, malabares e acrobacia para familias, persoas adultas e crianzas. O obxectivo é divertirse, experimentar e aprender descubriendo de maneira non competitiva e activa, a través dunha pedagogía que pon a persoa no centro.

+ info na web



Xoves 16 / 18h / Paseo das Pontes

¡QUÉ DISPARATE!

Clown / Circo / Teatro de obxectos / Todo público / 45'

Dous pallasos. Unha estraña estrutura de ferro. Un polbo. Un polbo? Que disparate! Un espectáculo de pallasos para todas as idades, no que dous tramoistas se apresuran a rematar de montar a tempo unha antiga atracción de feira, para a súa apertura ao público, que chegou antes do previsto. Unha viaxe a través do xogo, onde os dous personaxes descubren a importancia de gozar das experiencias ao longo do camiño. Desfrutade da viaxe!



CIRKO PSIKARIO

Madrid

Nace en 2006 da man de Pedro Montoya e Irene Poveda, como resultado da fusión entre circo e teatro nun mesmo proxecto. Dende entón crean seis espectáculos, a maioría deles dirixidos a público familiar e con pilares de humor e comedia. Defenden a calidade das súas producións, esforzándose por posicionar o circo infantil e familiar nun lugar onde a orixinalidade e a calidade son primordiais.

+ info na web



Xoves 16 / 20h / Paseo das Pontes

MORPHA

Circo aéreo / Música / Suspensión capilar

Todo público / 50'

Morpha é un espectáculo de circo contemporáneo que fusiona técnicas tradicionais como suspensión capilar, correas, cordas, manipulación de coitelos e aros de hula hoop, con teatro, música, danza e loop station, xerando novas linguaxes híbridas. Un proxecto composto por mulleres de diversas orixes e disciplinas artísticas, unidas para crear colectivamente co obxectivo de explorar a feminidade, a forza e a beleza, e así celebrar a diversidade e a creatividade feminina.



ANDREA RÍOS CÍA.

Colombia / Madrid

A compañía da colombiana Andrea Ríos nace en 2019 coa creación do espectáculo "ARA", fusionando teatro e danza con técnicas aéreas, multicordas e suspensión capilar, nunha experiencia inmersiva transmisora de emocións a través do movemento suspendido no espazo. Noemi Burgos, Gracia Texidor e Daniela Rodríguez súmanse a Andrea Ríos no reparto de "Morpha".

+ info na web



Xoves 16 / 22h / Paseo das Pontes

SOLO

Clown / Manipulación de obxectos / Máscaras

Todo público / 50'

O hábitat natural de calquera pallaso é a escena, co seu público. Pero que pasa cando queda so? É no camerino onde se mesturan persoa e personaxe, onde se desdebuxa a liña que os separa. Un limbo que non é escenario nin vida real. Un actor sen público, un pallaso cando ninguén o observa. É nesa fronteira onde ten lugar este espectáculo. Premio Zirkolika 2022, Premio Fetén 2023 e mellor espectáculo de circo nacional do 2024.



ROI BORRALLAS


Galiza

Roi Borrallas, galego afincado en Catalunya, onde leva a cabo os seus proxectos, é un gran clown cunha extensa e premiada traxectoria internacional. Comeza a traballar como pallaso no circo italiano, onde aprende diferentes disciplinas circenses que utiliza nos seus espectáculos. En 2008 crea "Traga Tiérrame", e en 2012 "La Bella Tour", premio do xurado Artescena e premio da crítica Malabharía.

+ info na web



VENRES 17



Venres 17 / 12:30h / Campo da Leña

CRUNCH 2!

Clown / Circo / Todo público / 50'

Unha nova misión para os dous superheroes máis famosos do circo, Scrunch e Spunk. Novos inimigos, aventuras e desafíos. Condeados a traballar de homes-cartaz por non teren títulos, emprenden unha viaxe temporal aos seus comezos, para cruzar a porta do pasado e enfrontárense ós seus medos e fracasos. Un espectáculo con acrobacias, malabares, equilibrios, slapstick e moito humor, co que non vas poder parar de rir. Polo superheroe que levamos dentro!



CÍA. MUU

Galiza / Euzkadi

A Compañía Muu nace no 2019 da colaboración entre AsSircópatas e Zirco Txosco. Da simbiose entre a sorprendente forma de ver o mundo de Dani Blanco, co seu clown e os malabares, e a técnica acrobática de Óscar Páez, nace ese mesmo ano "Crunch!". Tras o éxito acadado, presentan agora "Crunch 2!", estreado no festival FACYL de Salamanca en 2024.

+ info na web



Venres 17 / 18h / Campo da Leña

EL ROMPE RÉCORDS

Clown e Circo / Todo público / 50'

O batedor de récords soña con ser famoso e ter moitísimos fans; e fará todo o posible por acadalo. Sen ser guapo, nin listo, nin forte, ten algo que o fai diferente: unha autoestima inquebrantable.

50 minutos de enerxía desbordante e comedia con personalidade, caracterizan este espectáculo con saltos mortais, habilidades paranormais e fazañas increíbles.



ABRAHAM ARZATE

México / Comunitat Valenciana

Abraham Arzate ten un estilo de humor universal, entrañable, orixinal e inconfundible, que fai rir a gargalladas a persoas de todas as idades e culturas. Nado no corazón de México, impulsado pola necesidade de atopar a felicidade facendo felices aos demais, acadou recoñecemento polos seus espectáculos nos festivais de comedia e circo contemporáneos máis importantes do mundo.

+ info na web



Venres 17 / 20h / Campo da Leña

LA LLEGADA

Clown / Teatro físico / Humor absurdo

Todo público / 50'

Última hora! Unha nave espacial alienígena está a piques de chegar á Terra! Un evento histórico transmitido en directo por R.K. (Radio Koilara) e os seus dous icónicos reporteiros. A través do teatro físico, a axilidade verbal e o seu universo imaxinativo, transforman a praza nun set radiofónico cheo de personaxes absurdos e situacións disparatadas, para desentrañar o misterio da "Chegada": un encontro que ningún ser humano quere perderse.



KOILARA TEATRO

Euzkadi

Amantes do Ramen, do absurdo e a risa contaxiosa, Koilara Teatro é un proxecto artístico do catalán Inda Pereda e o vasco Aitor Vinagret, que producen espectáculos de humor onde combinan texto, teatro físico e clown. Aparte de "La Llegada" conta con outras obras como "Espejismo, metamorfosis de una cucharilla", comedia de teatro físico e texto, premiada no Festival Mostra'T de Barcelona co galardón á mellor actuación masculina.

+ info na web



**Venres 17 / 22h / Campo da Leña
(e rúas céntricas peonís)**

LA CALLE ES NUESTRA

Fanfarria / Itinerante / Todo público / 75'

Creado en 2005, é o espectáculo máis emblemático da ADMB. Viaxou practicamente por todo o mundo, facendo bailar e rir ao público coa súa música ambulante de calidade e gags surrealistas, convertendo así a compañía nun referente mundial en bandas de rúa. Con “La Calle es Nuestra” queren reivindicar a rúa como o mellor dos escenarios, o máis democrático e universal onde calquera cousa é posible. Así que preparémonos para ir de festa polas rúas céntricas da Coruña.



ALWAYS DRINKING MARCHING BAND

Catalunya

ADMB é moito máis que unha banda de metais, é unha compañía formada por músicos, actores, técnicos, poetas de bar e demais seres, que levan desde 1997 percorrendo rúas e prazas dos cinco continentes co obxectivo fundamental de non deixar indiferente a ninguén coa súa música e o seu humor. Nace da influencia das bandas de New Orleans e das fanfarrias francesas, sen olvidar as míticas “txarangas” ibéricas.

+ info na web



SÁBADO 18



Sábado 18 / 12:30h / Praza de Pablo Iglesias

DEJA QUE SALGA EL SOL

Clown / Circo / Todo público / 45'

A traviesa, enxeñosa e sensible Mina presenta unha deliciosa mestura de habilidades teatrais, circenses e musicais, cunha forte dose de participación do público. Mina é auténtica, espontánea e elástica, ofrece gargalladas, e está decidida a que o amor cambiará o mundo.

MINA CLOWN



Arxentina / Catalunya

Romina Kraus, porteña residente en Catalunya, é a polifacética actriz que se esconde baixo a pel de Mina. Pallasa, cantante, bailarina, música, malabarista, directora, formadora e nai, é co-creadora da compañía Mundo Costrini, na que traballa en diferentes espectáculos cómicos, como "Nonas" ou "Los Frikis".

+ info na web



Sábado 18 / 18h / Praza de Pablo Iglesias

THE CRAZY MOZARTS

Clown / Música / Circo / Todo público / 45'

Un orixinal concerto de música clásica interpretado con instrumentos insólitos por dous excéntricos, onde nada é o que parece. Inspirado no cine mudo e os debuxos animados, o público será cómplice desta sinfonía de gags, situacións absurdas e números de alto nivel. Risas e asombro asegurado con estes dous pallasos que farán o imposible por sobrevivir a este caos musical.



MUNDO COSTRINI

Arxentina / Catalunya

Mundo Costrini é unha recoñecida compañía internacional de teatro de rúa, circo e humor, fundada polo polifacético artista arxentino Sebastián Guz, "Niño Costrini". Con 30 anos de traxectoria, e xunto a Romina Krause e Santiago Blomberg, a compañía é todo un referente en Europa e América Latina, destacando pola súa capacidade para conectar con públicos de todas as idades e culturas a través da linguaxe universal da risa.

+ info na web




Sábado 18 / 20h / Praza de Pablo Iglesias

PROFESOR DE YOGA

Clown / Todo público / 50'

Un profesor de ioga impaciente e preguiceiro chega para dar unha clase, pero como os alumnos non trouxeron esteiras, vese obrigado a recorrer a posturas de acroioga inventadas e exercicios sen sentido. O público formará parte das súas loucuras, que culminarán nun ritual de amor sobre cristais e unha levitación imposible.



PACO PANJABI

Comunitat Valenciana

Suso Imbernón, o actor detrás de Paco Panjabi, combina producións de cine (“Amor en polvo”) publicidade e televisión, como realizador, guionista, técnico ou produtor, coa súa arte como artista cómico. É tamén creador e actor de “Save The Temazo.org” e “Perrakos Sound System”.

+ info na web



Sábado 18 / 22h / Praza de Pablo Iglesias

INFINIT

Circo contemporáneo / Todo público / 55'

Acrobacia, trapecio wáshington, clown e danza son os ingredientes deste remuíño de humor existencialista. Uns personaxes absurdos que buscan o final do seu propio espectáculo, cuestionan os difusos comezos e finais de todo o que nos rodea. A súa estupidez profundamente intelixente acabará cuestionando a nosa propia esencia. Espectáculo multipremiado.



CÍA. SEON


Catalunya / Aragón

A compañía Seon nace en 2020 da colaboración entre os xoves artistas Andreu Casadellà e Daniel Esteban (Capitán Spriki). Formados en Carampa (Madrid) e na École Supérieur des Arts du Cirque ESAC (Bélxica), crean proxectos en solitario e en paralelo, co eixe fundamental do circo contemporáneo, o humor e a fusión de disciplinas.

+ info na web



DOMINGO 19



Domingo 19 / 12:30h

Exterior Casa das Ciencias

COA CABEZA NAS NUBES

Teatro físico / Danza / Clown / Todo público / 40'

Dous personaxes conviven no mesmo espazo. El, afogado polo traballo, tenta sobrevivir baixo unha morea de papeis. Ela, interrómpeo constantemente e só pensa en xogar. Entre ambos desátase unha divertida batalla chea de humor e acrobacias, onde se confrontan dúas visións da vida. Un espectáculo cómico sobre o xogo no seu estado de máxima pureza e sobre o adulto que esqueceu que algunha vez atrás tamén xogou.



CÍA SÖA

Galiza

A compañía SÖA é un proxecto que nace en 2022 buscando a fusión de diferentes disciplinas, como música, danza acrobática, canto, filosofía, clown e teatro. Foi creada por tres intérpretes: Marta Velázquez, Martín Blanco e Carlota Rosón. Estes dous últimos son os creadores e artistas deste espectáculo, finalista no 2026 ao mellor espectáculo infantil nos Premios María Casares.

+ info na web



Domingo 19 / 19h

Anfiteatro Santa Margarida

GALA 25 FESTIVAL MANICÓMICOS

Variedades cómicas e circenses / Todo público / 90'

Como xa é tradición, o Festival Manicómicos pecha a súa programación cunha gala de variedades cómicas e circenses, coa participación de artistas que pasaron polo festival e outros invitados para a ocasión. E para celebrar por todo o alto esta 25 edición, contamos cos presentadores máis “frikis” do mundo, Niño Costrini e Romina Kraus. Entre sorpresa e sorpresa, o premio Carpa ao mellor número de circo no 2025, “Bumbalum”, da compañía Seon. Hora e media de diversión familiar garantida. Todo un clásico de Manicómicos e o seu festival.



+ info na web



Déixate eclipsar!

